

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE
CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN
PLENO DESTE CONCELLO O DÍA OITO DE XUÑO DE
DOUS MIL DEZASETE: - - - - -**

=====

PRESIDENTE:

D. Telmo Martín González

CONCELLEIROS/AS:

D. Juan Antonio Deza Otero
D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Rafael Domínguez Piñeiro
D^a María Deza Martínez
D. Marcos Guisasola Padín
D^a Silvia Freire Fernández
D. Alfonso Rea Pérez
D. Gonzalo Gonzalo Pita
D^a Vanessa Rodríguez Búa
D. José - Daniel Fernández Piñeiro
D. Jesús - Joaquín Sueiro Méndez
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D. Maximino González Miniño
D^a M^a del Coral González-Haba Pérez

NON ASISTE:

D. Roberto - Carlos Agís Balboa

INTERVENTOR:

D. José - Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO:

D. Ángel - Luís López Pita

=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as nove horas do día oito de xuño de dous mil dezasete, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. TELMO MARTÍN GONZÁLEZ**, reuníronse os/as Sres/as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria e urxente da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

1º) RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA : O Sr. Alcalde xustificou a urxencia polo feito de que se convocou esta sesión o martes e o venres non podía asistir, polo que falou cos voceiros sobre a posibilidade de realizala na presente data, estando conformes os edís consultados.

Ao non producirse intervencións, o Sr. Presidente someteu a votación a ratificación da urxencia da convocatoria, que foi aprobada por unanimidade dos corporativos/as presentes.-----

2º) POSTA EN COÑECEMENTO DO PLENO DO DECRETO DA ALCALDÍA, DE 19/05/17, PARA DEIXAR SEN EFECTO O NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DE DELEGACIÓNS EN CONCELLEIROS/AS, ASÍ COMO O NOMEAMENTO DO CONCELLEIRO SR. FERNÁNDEZ PIÑEIRO, COMO 1º TTE. DE ALCALDE : Polo Sr. Secretario dáse conta do decreto da alcaldía de **19 de maio de 2017**, que se transcribe literalmente a continuación:

“De conformidade co disposto nos artigos 20.1b), 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, nos artigos 61 e 65.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos art. 43 a 45, 46.1, 52, 53, 114 ao 118 e 112.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais **RESOLVO:**

PRIMEIRO: deixar sen efecto o nomeamento como membros da Xunta de Goberno Local dos seguintes concelleiros/as:

- David Otero Domínguez.
- Sandra Fernández Agraso.
- Mª del Coral González-Haba Pérez.

SEGUNDO: nomear a José Daniel Fernández Piñeiro, 1º Tte. de alcalde, quedando sen efecto os restantes nomeamentos realizados por esta alcaldía en anteriores resolucións para designar tenentes de alcalde.

TERCEIRO: deixar sen efecto as delegacións conferidas por esta alcaldía os seguintes concelleiros/as:

- David Otero Domínguez.
- Sandra Fernández Agraso.
- Maximino González Miniño.
- Mª del Coral González-Haba Perez.

Quedando as competencias retiradas por esta resolución residenciais no propio alcalde-presidente.

CUARTO: da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que realice, notificándose ademais, persoalmente os interesados, e se publicará no “Boletín Oficial da Provincia”, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da súa sinatura. Dado en Sanxenxo a dezanove de maio de dous mil dezasete.”

A Corporación deuse por enterada.-----

3º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL, DE DATA 29/05/17, MEDIANTE O QUE SE NOMEA VOCEIRO E SUPLENTES DE DITO GRUPO MUNICIPAL : Polo Sr. Secretario dáse conta do escrito do 29 de maio de 2017, que se transcribe literalmente a continuación:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita con DNI 35.315.219-F, D. José Daniel Fernández Piñeiro, con DNI 35.284.349-A y D. Jesus Joaquín Sueiro Méndez, con DNI 6.824.029-G, como concejales del Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal

Exponen:

Que por acuerdo en mayoría de los concejales del grupo municipal al que pertenecemos, a partir del día de la fecha, nombramos portavoces de Sanxenxo Agrupación Liberal.

-Portavoz: D. Gonzalo Gonzalo Pita
Primer suplente: D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez
Segundo suplente: D. José Daniel Fernández Piñeiro

Y para que así conste a los efectos oportunos, firmamos el presente en Sanxenxo a 29 de mayo de 2017.”

A Corporación deuse por enterada.-----

4º) POSTA EN COÑECEMENTO DO PLENO DO DECRETO DA ALCALDIA, DE DATA 01/06/17, DEIXANDO SEN EFECTO A DELEGACIÓN CONFERIDA NA CONCELLEIRA SRA. RODRÍGUEZ BÚA, DEIXANDO SEN EFECTO O NOMEAMENTO DO SR. FERNANDEZ PIÑEIRO, COMO 1º TTE. DE ALCALDE, ASÍ COMO O NOMEAMENTO DO SR. GONZALO PITA COMO TENENTE DE ALCALDE : Polo Sr. Secretario dáse conta do decreto da alcaldía de 01 de xuño de 2017, que se transcribe literalmente a continuación:

“De conformidade co disposto nos artigos 20.1b), 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, nos artigos 61 e 65.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos art. 43 a 45, 46.1, 52, 53, 114 ao 118 e 112.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais **RESOLVO:**

PRIMEIRO: deixar sen efecto a delegación conferida por esta alcaldía a concelleira **Vanessa Rodríguez Búa**, quedando as competencias retiradas por esta resolución residenciais no propio alcalde-presidente.

SEGUNDO: deixar sen efecto o nomeamento de **José Daniel Fernández Piñeiro** como 1º tte. de alcalde.

TERCEIRO: nomear a **Gonzalo Gonzalo Pita**, tenente de alcalde.

CUARTO: da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que realice, notificándose ademais, persoalmente aos interesados, e se publicará no “Boletín Oficial da Provincia”, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da súa sinatura. Dado en Sanxenxo a un de xuño de dous mil dezasete.”

A Corporación deuse por enterada.-----

5º) POSTA EN COÑECEMENTO DO PLENO DO DECRETO DA ALCALDÍA, DO 05/06/17, RELATIVO Á CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL; DELEGACIÓNS EN MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E CONCELEIROS/AS : Polo Sr. Secretario dáse conta do decreto da alcaldía de 05 de xuño de 2017, que se transcribe literalmente a continuación:

“Aos efectos de adaptar o funcionamento ao novo organigrama municipal e de conformidade co disposto nos artigos 20.1b), 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, nos artigos 61 e 65.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos art. 43 a 45, 46.1, 52, 53, 114 ao 118 e 112.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais **RESOLVO:**

PRIMEIRO: nomear **membros da Xunta de Goberno Local** aos seguintes concelleiros/as:

- **D. GONZALO GONZALO PITA.**
- **D. JOSÉ DANIEL FERNÁNDEZ PIÑEIRO.**
- **D. MARCOS GUIASOLA PADÍN.**
- **Dª MARÍA DEZA MARTÍNEZ.**

SEGUNDO: deixar sen efecto todas as delegacións da alcaldía existentes con data anterior a esta resolución.

TERCEIRO: conferir nos membros da Xunta de Goberno Local que a continuación se citan as seguintes delegacións:

- **D. GONZALO GONZALO PITA: coordinador de áreas e relacións institucións.**
- D. JOSÉ DANIEL FERNÁNDEZ PIÑEIRO: infraestruturas.**
- D. MARCOS GUIASOLA PADÍN: facenda e persoal.**
- Dª MARÍA DEZA MARTÍNEZ: planificación e xestión urbanística.**

CUARTO: realizar en favor dos **concelleiros/as** que a continuación se citan as **delegacións especiais** respecto das atribucións da alcaldía nas seguintes materias:

- D. JUAN ANTONIO DEZA OTERO: medio ambiente.**
- D. JESÚS JOAQUÍN SUEIRO MÉNDEZ: turismo, deporte e festas.**
- MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ: educación, cultura e xuventude.**
- D. RAFAEL DOMÍNGUEZ PIÑEIRO: promoción económica e innovación.**
- Dª SILVIA FREIRE FERNÁNDEZ: servizos sociais e igualdade.**
- D. ALFONSO REA PÉREZ: mantemento e servizos.**

QUINTO: delegar en favor do **tenente de alcalde, D. Gonzalo Gonzalo Pita**, a sinatura dos vistos e prace á sinatura do secretario nas certificacións de empadroamento e dos datos dos padróns municipais de IBI, Urbana-Rústica, IAE, IVTM e taxas municipais, sen prexuízo de asumila directamente en calquera momento.

SEXTO: estas delegacións non inclúen a facultade de ditar actos administrativos e, a alcaldía, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas nesta Resolución sen prexuízo de súa avocación conforme a lexislación de procedemento administrativo común.

SETIMO: estas delegacións requiren para a súa efectividade a aceptación por parte dos seus destinatarios, entendéndose aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles contados desde a notificación da resolución, o destinatario da delegación non fixera constar expresamente ante a alcaldía a non aceptación da delegación.

OITAVO: da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que realice, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e se publicará no "Boletín Oficial da Provincia", sen prexuízo de súa efectividade dende o día seguinte ao da súa sinatura. Dado en Sanxenxo a cinco de xuño de dous mil dezasete.”

A Corporación deuse por enterada.-----

6º) POSTA EN COÑECEMENTO DO PLENO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DO 05/06/17, DE NOMEAMENTO DE MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DO OA “TERRA DE SANXENXO” : Polo Sr. Secretario dáse conta da resolución da alcaldía de 05 de xuño de 2017, que se transcribe literalmente a continuación:

“Aos efectos de adaptar ao funcionamento da consello de administración ao novo organigrama municipal, e tendo en conta que o artigo 7.2 parágrafo 1º dos estatutos aprobados en sesión plenaria do 27 de xaneiro de 2004 e publicados no BOP de 4 de maio de 2004, dispón que:

O Consello de Administración estará integrado por un Presidente, que será o Sr. Alcalde e os concelleiros delegados de facenda, turismo, educación, cultura, deporte, medio ambiente e servizos sociais, todos eles designados pola Alcaldía.

Esta alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, **resolve:**

PRIMEIRO: designar como membros do **Consello de Administración do O. A. “Terra de Sanxenxo”** aos seguintes concelleiros:

- **D. MARCOS GUIASOLA PADÍN**, concelleiro de facenda e persoal.
- **D. JESÚS JOAQUÍN SUEIRO MÉNDEZ**, concelleiro de turismo, deportes e festas.
- **Dª MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ**, concelleira de educación, cultura e xuventude.
- **D. JUAN ANTONIO DEZA OTERO**, concelleiro de medio ambiente.
- **Dª SILVIA FREIRE FERNÁNDEZ**, concelleira de servizos sociais e igualdade..

Deste xeito, o consello de administración quedará constituído polos membros anteriormente citados baixo a presidencia desta alcaldía, non facéndose uso por parte desta alcaldía da posibilidade de nomeamento de máis membros prevista no art. 7.2. parágrafo 2º dos devanditos estatutos.

SEGUNDO: dese conta desta resolución ao Concello Pleno na primeira sesión que realice e notifíquese aos interesados/as. Dado en Sanxenxo a cinco de xuño de dous mil dezasete.”

A Corporación deuse por enterada.-----

7º) POSTA EN COÑECEMENTO DO PLENO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DO 06/06/17, DELEGANDO NO CONCELEIRO E TENENTE DE ALCALDE, A REPRESENTACIÓN NA XUNTA DA MANCOMUNIDADE DO SALNES : Polo Sr. Secretario dáse conta da resolución da alcaldía de 06 de xuño de 2017, que se transcribe literalmente a continuación:

“O artigo 4.1 dos Estatutos da Mancomunidade do Salnés permite que na Xunta da Mancomunidade estea o alcalde de cada concello mancomunado ou concelleiro en quen delegue, e considerando conveniente que esta representación na Mancomunidade a ostente o concelleiro e tenente de alcalde, D. Gonzalo Gonzalo Pita, é polo que **RESOLVO:**

-Delegar no concelleiro e tenente de alcalde do Concello de Sanxenxo, D. Gonzalo Gonzalo Pita, a condición que me corresponde como alcalde do Concello de Sanxenxo de membro na Xunta da Mancomunidade do Salnés. Dado en Sanxenxo a seis de xuño de dous mil dezasete.”

A Corporación deuse por enterada.-----

8º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE RÉXIME DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS A CARGOS DO CONCELLO, ASÍ COMO DE FIXACIÓN DE INDEMNIZACIÓN POR ASISTENCIA ÁS SESIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS :
Polo Sr. Secretario dáse conta da **proposición da alcaldía de 05 de xuño de 2017**, que se transcribe literalmente a continuación:

“Dentro do marco legislativo que permite aos membros das corporacións locais percibir retribucións en réxime de dedicacións exclusivas e parciais e aos efectos de adaptar o citado sistema retributivo ao novo organigrama de funcionamento das distintas áreas do concello é polo que propoño ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo.

PRIMEIRO: deixar en efecto o réxime de dedicacións exclusivas fixado polo acordo plenario de 29 de xuño de 2015.

SEGUNDO: fixar o seguinte réxime de dedicacións exclusivas e parciais para os cargos da corporación que tamén se mencionan:

CARGO/CONCELLERÍA	TIPO DE DEDICACIÓN	RETRIBUCIÓN ANUAL
Alcaldía.	Dedicación parcial	30.000€ (12 pagas)
Concellería de coordinación de áreas e relacións institucionais.	Dedicación parcial	26.000 € (12 pagas)
Concellería de infraestruturas.	Dedicación exclusiva	29.500 € (14 pagas)
Concellería de planificación e xestión urbanística.	Dedicación parcial	21.600 € (12 pagas)
Concellería de facenda e persoal	Dedicación parcial	21.600 € (12 pagas)
Concellería de turismo, deportes e festas.	Dedicación parcial	21.600 € (12 pagas)
Concellería de educación, cultura e xuventude.	Dedicación parcial	21.600 € (12 pagas)
Concellería de servizos sociais e igualdade.	Dedicación parcial	21.600 € (12 pagas)

As dedicacións parciais suporán un réxime de dedicación mínima de 20 horas semanais.

TERCEIRO: para a aplicación do réxime de dedicacións exclusivas ou parciais será necesaria a aceptación expresa do membro da corporación que desempeñe ese cargo, circunstancia da que se dará conta ao pleno na seguinte sesión ordinaria.

CUARTO: manter a contía da indemnización por asistencia a sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local e comisións informativas en 90,15 € por asistencia de cada concelleiro/a que non teña asignada unha dedicación exclusiva ou parcial.

QUINTO: as retribucións correspondentes ao punto segundo deste acordo anualmente se incrementarán ou diminuirán en función do disposto nos Orzamentos Xerais do Estado para o persoal ao servizo do sector público.

SEXTO: publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de edictos da casa consistorial. **Sanxenxo**, 05 de xuño de 2017.”

O **Sr. Secretario** manifestou que ao tratarse dun asunto que non pasou previamente por comisión informativa, antes do seu debate e votación, debería ratificarse a súa inclusión na orde do día.

Ao non producirse intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a votación a **ratificación da inclusión deste asunto na orde do día**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, coa excepción da concelleira Sra. Rodríguez Búa)

Votos en contra: 0

Votos pola abstención: 5 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

En consecuencia, **a ratificación da inclusión deste asunto na orde do día, resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación.**

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, sinalou que o PP mellorou en matemáticas respecto do momento no que criticou a fixación das retribucións do goberno anterior, engadindo que non tiña lóxica que un concelleiro, perdendo a metade das súas competencias, as que dan mais traballo, teña o mesmo soldo.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, anunciou a abstención do seu grupo e dixo que, como consecuencia do maior número de concelleiros no goberno, desdobláronse concellerías coa reordenación dos salarios, dándolle a razón ao manifestado pola anterior interveniente, semellando que se está a premiar o servizo realizado para promover o cambio de goberno, co mesmo salario para menos traballo.

A **Sra. Deza Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, destacou a rebaixa evidente respecto das retribucións do goberno anterior e o feito de que tres concelleiros non teñan retribucións, o que demostra a súa solidariedade, finalizando a súa intervención sinalando que o importante era a efectividade no servizo e que o Concelleiro de Infraestruturas tería un traballo superior ao que tivo no anterior goberno polas actuacións que se pretenden realizar.

Ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a votación a **proposta**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, coa excepción da concelleira Sra. Rodríguez Búa)

Votos en contra: 0

Votos pola abstención: 5 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

En consecuencia, a proposta resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, nos termos anteriormente transcritos.-----

9º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NOS CONSELLOS ESCOLARES MUNICIPAIS :
Polo Sr. Secretario dáse conta da **proposición da alcaldía de 05 de xuño de 2017** que se transcribe literalmente a continuación:

“De conformidade co que establece o art. 38 c) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, do 28 de novembro de 1986, propoño o Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

*** Manter como representante do Concello de Sanxenxo a D. JESÚS JOAQUÍN SUEIRO MÉNDEZ nos consellos escolares dos centros que a continuación se citan:**

- CEIP DORRÓN.
- CEIP NANTES.
- CEIP NOALLA.
- IES SANXENXO.

***Nomear como representante do Concello de Sanxenxo Dª MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ nos consellos escolares dos centros que a continuación se citan:**

- CEIP A FLORIDA.
- CEIP PLURILINGÜE CRUCEIRO-VILALONGA.
- CEIP PORTONOVO.
- IES VILALONGA. **Sanxenxo, 05 de xuño de 2017.”**

O Sr. Secretario manifestou que ao tratarse dun asunto que non pasou previamente por comisión informativa, antes do seu debate e votación, debería ratificarse a súa inclusión na orde do día.

Ao non producirse intervencións, o Sr. Presidente someteu a votación a **ratificación da inclusión deste asunto na orde do día**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, coa excepción da concelleira Sra. Rodríguez Búa)

Votos en contra: 0

Votos pola abstención: 5 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

En consecuencia, a **ratificación da inclusión deste asunto na orde do día**, resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación.

A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego deulle un consello á nova concelleira de educación respecto doutro concelleiro que está proposto para formar parte de 4 consellos escolares, xa que podía encontrarse con que non asistise a algúns.

Ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a votación a **proposta**, alcanzándose o seguinte resultado:.

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, coa excepción da concelleira Sra. Rodríguez Búa)

Votos en contra: 4 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola abstención: 1 (Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

En consecuencia, a **proposta resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, nos termos anteriormente transcritos.**-----

10º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PARA MODIFICACIÓN DOS REPRESENTANTES DO CONCELLO DE SANXENXO NA XUNTA XERAL DA SOCIEDADE “TURISMO DE SANXENXO, S.L.” : Polo **Sr. Secretario** dáse conta da **proposición da alcaldía de 05 de xuño de 2017** que se transcribe literalmente a continuación:

“Dentro das posibilidades que permite o Art. 7.5º dos vixentes Estatutos da sociedade Mercantil “Turismo de Sanxenxo, S.L.”, é necesario realizar unhas pequenas modificacións no listado dos representantes do concello na Xunta Xeral da Sociedade para adaptala a configuración do actual goberno municipal e a composición da Corporación, propoñendo ao Pleno a adopción do seguinte acordo :

PRIMEIRO : Cesar como representantes do Concello de Sanxenxo na Xunta Xeral da sociedade mercantil “Turismo de Sanxenxo, SL” a seguinte concelleira:

Dª SANDRA FERNÁNDEZ AGRASO, con DNI nº 76.823.944-Z, **concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.**

SEGUNDO : Nomear como representantes do Concello de Sanxenxo na Xunta Xeral da sociedade mercantil “Turismo de Sanxenxo, SL” aos seguintes concelleiros, sen modificar ningún dos restantes membros da Xunta Xeral :

D. TELMO MARTÍN GONZÁLEZ, con D.N.I. 35429.622-P, concelleiro do **Grupo Municipal do Partido Popular, Alcalde do Concello de Sanxenxo** e polo tanto **Presidente da Xunta Xeral de “Turismo de Sanxenxo, S.L.”**

D. GONZALO GONZALO PITA, con DNI nº 35.315.219-F, concelleiro do **Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, que pasa de **Presidente da Xunta Xeral a membro da mesma.**

D. ROBERTO CARLOS AGÍS BALBOA, con DNI nº 44.075.425-L, **concelleiro non adscrito do Concello de Sanxenxo. SANXENXO, 5 de Xuño de 2017.”**

O **Sr. Secretario** manifestou que ao tratarse dun asunto que non pasou previamente por comisión informativa, antes do seu debate e votación, debería ratificarse a súa inclusión na orde do día.

Ao non producirse intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a votación a **ratificación da inclusión deste asunto na orde do día**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, coa excepción da concelleira Sra. Rodríguez Búa)

Votos en contra: 0

Votos pola abstención: 5 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

En consecuencia, **a ratificación da inclusión deste asunto na orde do día, resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación.**

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou que parecía contradictorio que o **Sr. Agís Balboa** formase parte do Consello de Administración e non da Xunta Xeral desta sociedade, precisando que segundo unha análise dunha auditoría externa, esta mercantil estaba a 500 euros de entrar en causa de disolución, estando previstas unha serie de actividades para evitar esta situación, esperando se lles informase das mesmas, como unha que, ao parecer, íase desenvolver na praia de Xilgar.

O **Sr. Alcalde** agradeceu a cordialidade manifestada nas conversacións previas a esta sesión e dixo que non era este o momento para falar do que se fixo nos dous anos anteriores, senón de traballar todos para sacar adiante as sociedades, mostrándose a favor de non modificar os seus consellos da administración.

Ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a **votación a proposta**, alcanzándose o seguinte resultado:.

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, coa excepción da concelleira Sra. Rodríguez Búa)

Votos en contra: 0

Votos pola abstención: 5 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

En consecuencia, **a proposta resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, nos termos anteriormente transcritos.**-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as nove horas e vinte e seis minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**